

# ATRIBO



Revista do CPI "O Feal" de Narón  
Ano 2007 N° 4

Comezamos a revista cun recordo especial...

- Para os que axudastes a mellorar as instalacións do Centro...



- Para Dani e Susana Temprano que elaboraron a portada deste número da revista



- Para Ismael López do Carmo





Aquí están as novas ideas, o traballo do curso...

Este noso labor vén sendo como labrar a terra: primeiro hai que preparala (movela, adubala...), logo facer os regos, botar sementes, agardar a que agromen as novas plantas, arrincar as malas herbas, rarear algo, amontoar... ao final fica o resultado, o froito.

E cada ano, cada novo curso, unha nova sementeira, unha nova colleita.

Algo diso vai aquí, neste número 4 da nosa revista, porque a tribo segue dando froitos e queremos que cheguen fóra, que vexan outra luz e que permanezan dalgún xeito para a lembranza.

Sen máis pretensións, para que chegue a todos.

María Anca

Pódese dicir que este ano foi verdadeiramente un traballo en cadea. Desde o meu punto de partida ata a persoa que realmente fixo a revista, alá na distancia, houbo o elo que nos uniu e fixo que superáramos todas as dificultades. O meu agradecemento para os verdadeiros artífices deste número que tedes na man: Charo e Angel

María Yáñez



## Índice

	Páxina
I Xornada de Xogos Populares no Feal .....	2
Entrevista a Óscar Fernández .....	3
"O día", poema gañador no XVIII Certame Intercentros de Narón .....	5
Vive, en defensa do monte galego! .....	6
Fotonovela .....	8
A mellor excursión .....	10
Unha historia real e aterradora .....	11
Fotos dos grupos de 6º, que rematan a Primaria .....	13
Fotos dos grupos de 4º, que rematan a Secundaria .....	14
Fotos do grupo do P.G.S. e do grupo mixto de Infantil do Feal .....	16
Fotos do profesorado do Feal: de 1972 a 2007. Os profes que se van .....	17
A cerámica de Buño chegou ao Feal .....	18
Unha uruguaia no Feal .....	19
As abellas .....	20
A visita ao acuario .....	21
A miña granxa .....	22
Falando con Luciano Fernández .....	23
A rede informática do Feal .....	24
Voulez-vous connaître un peu mieux nos voisins les Français? .....	26
Cociña rápida .....	27
Achégate á cultura clásica .....	28

# I XORNADA DE XOGOS POPULARES NO FEAL



O sábado día 28 de abril celebrouse a primeira Xornada de Xogos Populares organizada polo Concello de Narón na que o noso centro, o C.P.I. do Feal, tivo a sorte de facer de anfitrión:

Acudiron centos de nenos de toda a bisbarra cos seus pais e as súas nais. Tamén viñeron profesores e xente vella que ensinaba a xogar aos pequenos aos bolos, á chave ou á peonza-buxaina. Noutros xogos había monitores novos: zancos, serra, cravo, pano. Tamén houbo carreiras de sacos, chapa, corda, e todos disfrutamos dunha gran xornada, chea de aventuras que contar e na que puidemos facer novos amigos.



Ao mediodía, achegámonos todos ao pavillón de Primaria, para compartir un xantar con empanada, churrasco, queixo e bola. Agradécémolo moito, porque de tanto xogar tiñamos fame.

Logo, mentres seguíamos a xogar invitáronnos a facer un debuxo: ¡Era bonito ver como os nenos pequenos se esforzaban!

A nós gustounos moito xogar ao brilé, porque é un xogo moi de participar e serviunos para coñecer nenos doutros centros.



Foi un día moi divertido e non o esqueceremos facilmente. ¡Esperamos que se volva a repetir!

Uxía Castro Vázquez 2º A  
Lorena Díaz Lorenzo 2º C  
Paula Soto López 2º A

# ENTREVISTA A ÓSCAR FERNÁNDEZ

A zanfona é un instrumento de corda fretada, pódese comparala cun violín, pero en lugar de fretar a corda cun arco frétase cunha roda que está dentro da caixa de resonancia do instrumento.

Esa roda faise xirar cunha manivela e despois en lugar de pisar as cordas no mástil como o violín tes que pisar unhas teclas que fan que soen as diferentes notas.



## **¿Que variantes da zanfona hai hoxe en día?**

Tantas como países nos que se toca a zanfona, hai zanfonas no surleste de Europa, no centro de Europa, na península ibérica, e despois hai variantes nas zanfonas modernas que se constrúen: hai de dúas oitavas, de máis oitavas, zanfonas eléctricas, acústicas, electroacústicas.

## **¿De onde provén a zanfona, e como chega a Galicia?**

Non se sabe moi ben por que se perden as pistas na Idade Media. Pódese dicir que hai dúas teorías: que procede do centro de Europa e que chega a Galicia polo Camiño de Santiago ou viceversa, non se sabe moi ben pero ten moita relación co Camiño de Santiago no século XII.

## **¿Canto pode custar unha zanfona hoxe en día?**

Desde vinte dólares ata varios miles de euros.

## **¿Cales son os zanfoneiros máis coñecidos hoxe en día?**

O máis coñecido é Valentín Clastrier; en Galicia Anxo Pintos; en España Germán Díaz.

## **¿Cal é o instrumento que máis se identifica coa cultura galega?**

Hoxe en día a gaita, é indiscutible.

## **¿Que foi o que te levou a tocar a zanfona?**

Una curiosidade moi grande, porque cando comecei a tocala, a verdade, non había... había só un sitio onde aprender, en Vigo, non había ningún sitio máis. Había moi poucos profesores que deran clase, era un instrumento tan difícil de aprender, tan misterioso que xa tiña que aprender como era iso.

## **¿Tocas algún instrumento máis a parte da zanfona?**

Si, o acordeón, máis mal que ben, e nada máis, o demais moi mal todo.

## **¿Cantos anos levas tocando a zanfona?**

Pois... nove anos.

## **¿Onde aprendiches?**

Aprendín de maneira autodidacta, pero neses anos estiven en cursos intensivos de fin de semana de moitas horas cos mellores zanfonistas que hai, entre eles Valentín Clastrier, e todo isto aprendino en cursos que fai unha asociación chamada Asociación Ibérica da Zanfona en Ávila, dous ó ano ou así.

### **¿Que variedades da zanfona gústanche máis?**

É que cada unha é diferente. En estes nove anos tiven tres...catro tipos de zanfona. Agora encarguei outra distinta. É que todos teñen a súa cousa que me gusta.

### **¿Que música aparte do son da zanfona che gusta?**

Pois... case toda, dende o reggae ata a electrónica... jazz....

### **¿Como chegaches a ser profesor de zanfona e cantos anos levas?**

Levo sete anos. Cando se creou o conservatorio de música folk de Lalín chamáronme para dar clase alí, e, aínda que en realidade non quería ir porque quería aprender algo máis para comezar a dar clase, me insistiron tanto que fun.

### **¿Tes algún grupo? ¿Que música fas?**

Toco en varios grupos. Un dúo de zanfona e acordeón que se inspira na música de baile tradicional, chámase Dúo Fernández Quintá. Outro grupo de música galega reelaborada, que é Os 100pés. E por último, un trío de acordeón MIDI, batería electrónica e zanfona electroacústica, no que facemos unha música bastante difícil de definir, chámase BoNoVo.

### **¿Cales son as maiores dificultades para tocar a zanfona?**

A maior dificultade é conseguir os cartos para comprala. O demais é coma calquera instrumento. Hai algúns recursos da zanfona, como o bordón rítmico que consiste en que aparte da melodía que estás facendo, podes facer ó mesmo tempo coa man dereita, a da manivela, un efecto rítmico e combinar esas dúas cousas; son dous sons moi diferentes, é un pouco complicado. Manter a zanfona nun bo estado de afinación tamén é un pouco difícil.

### **¿Dás clases nalgún sitio máis aparte do concello?**

Si, no conservatorio de música folk de Lalín e no coro Cantigas da Terra de A Coruña.

### **¿E onde naceu a idea de dar clases de zanfona no concello?**

Eu creo que saíu do concello, chamáronme, supoño que saíría dos responsables do Padroado de cultura.

### **¿Que máis actos prepara o concello?**

O principal é o encontro anual onde hai cursos de zanfona con mestres recoñecidos e concertos. Chámase "Encontro coa zanfona contemporánea". Logo está o concerto de fin de curso. E, aparte, as actuacións que facemos o grupo de zanfonas que non son moitos.

### **¿Que máis actos prepara o concello?**

O principal é o encontro anual onde hai cursos de zanfona con mestres recoñecidos e concertos. Chámase "Encontro coa zanfona contemporánea". Logo está o concerto de fin de curso. E, aparte, as actuacións que facemos o grupo de zanfonas que non son moitos.

### **¿E hai moitos seguidores da zanfona?**

Pois.... nunha proporción igual ou maior que no resto de España, podemos dicir que o concello de Narón é un dos concellos de España onde máis se coñece a zanfona. Eu penso que hai máis zanfonistas en Narón que en todo Madrid, ou polo menos case a mesma cantidade. En xeral o coñecemento da zanfona é moi baixo.

### **¿Está ben o apoio que dá o concello ou necesita máis?**

Sempre canto máis mellor, pero está moi ben, é unha das poucas iniciativas que hai no mundo para con este instrumento.

### ¿Se pode mesturar a zanfona con outra música, por exemplo, co rap, jazz...?

Si, perfectamente se pode mesturar con todo, é un instrumento que vale para todo, dende barroco, jazz, rap... todo.

Eu teño un alumno rapeiro de doce anos que toca a zanfona e quere metela no seu grupo de rap, e de feito a vai meter.


### ¿Tes algunha anécdota que che sucedera?

Estabamos interpretando un tema nun concerto e nese momento non me tocaba tocar a melodía. Eu estaba alí esperando, dándolle a manivela da zanfona e rompeu, quedeime con ela na man. Fórase o parafuso que aguanta da manivela. Antes de que me tocase empezar a tocar deixei a zanfona, baixei e fun xunto os da mesa de son a preguntarlles se tiñan una chave especial que me facía falla, unha chave Allen. Fun co técnico de iluminación a buscar a caixa de ferramentas ao camiión. Deume a chave Allen. Volvín arriba, enganchei a manivela xusto cando me tocaba empezar...xusto a tempo...Despois diso comprei unha chave para levar eu.

Entrevista realizada por

Manuel Alfonso Golpe Espada  
(Manutte) e  
Diego Lago Aneiros

4ºA ESO



## O día

Poema gañador  
do  
XVIII Certame Intercentros  
de Narón.



As ondas de luceiro van lucindo,  
séntese a doce chegada da lúa,  
seguida por unha ducia de estrelas,  
lucindo un luminoso peiteado.

A noite a modiño xa está chegando,  
coma un eterno manto de triste feitizo,  
arroupando ás xentes nos seus fogares,  
e ás feras e outros seres espertando.

Un sol dourado xa se vai amosando,  
anuncia o día con lóstregos de luz,  
mentres a noite déitase a descansar,  
as estrelas e a lúa vanse apagando.

Paxaros co seu canto recitando,  
espertan á natureza durmida,  
chamando ós corpos miudiños das flores,  
que con danzas van ao sol adorando.

Ó final do día volve comezar,  
un ciclo repetido eternamente,  
a lúa e as estrelas volven saír,  
mentres o dourado sol volve escapar.



Verónica Pita Barcia 4º ESO.

# Vive, en defensa do monte galego!!

Un grupo de 24 alumnos/as de 3º ESO participamos no Programa "Vive, en defensa do monte galego", durante os días 12 ao 15 de marzo do 2007.

Sáímos do Colexio ás 12 da mañá, compartindo a viaxe en autobús co IES de Ortigueira, en dirección ao albergue xuvenil "As Sinas" (Vilanova de Arosa), onde nos esperaban os monitores de ADEGA, os monitores de tempo libre, o director da actividade e os alumnos/as do IES "Santo Tomé" (Vigo) e do Colexio Privado "Os Saucos" (Mos).

Fixéronse grupos de traballo, co nomes de árbores (ameneiro, bidueiro, carballo.....), que irían rotando polas distintas actividades.

**Primeiro día:** Despois de xantar e no mesmo comedor do albergue tivemos unha charla sobre as normas da instalación. E mentres que uns grupos quedaron no viveiro realizando actividades como:



-Recoñecemento de sementes dalgúns árbores, sementeira de landras, estaquillado de especies arbustivas ....

-Elaboramos caixas-niños e comedeiros para os paxaros e mamíferos.

-Aireamos un composteiro feito cos residuos xerados polo xardín do albergue xunto coa materia orgánica resultante da clasificación do lixo das comidas.

Outros grupos visitamos o "Parque da natureza do río Barosa", onde aprendimos algo sobre os muíños e as árbores de ribeira.

Ceamos e tivemos a velada de presentación.



**Segundo día:** Pola mañá alternamos as actividades da tarde do día anterior.



Participamos nun xogo de rol baseado na problemática dos usos do monte e as súas consecuencias.

Despois de xantar saímos a camiñar polo monte onde observamos os impactos dos incendios, aprendimos a importancia da conservación do solo e fixemos cortalumes.

Charla e comprobación sobre o terreo das consecuencias da degradación do monte a causa dos recentes incendios, explicación das posibles causas e solucións de cara ó futuro.



**Terceiro día:** Estivemos todo o día no monte, onde realizamos as seguintes actividades:

Traballos de restauración ambiental tales como elaboración de barreiras para frear a erosión por arrastre do terreo, e compensar a perda do solo fértil.

Sementeira de herbáceas para fixar o terreo descuberto e sen vexetación.

Plantación de estaquiñas de salgueiro para o agarre das beiras de regos e carcavas abertos pola erosión provocada polas augas de escorrentía tralas choivas fortes nos terreos en pendentes.



Plantación de chopos, carballos e castiñeiros.



Instalación de comedeiros e caixas-niño para os paxaros en zonas próximas a áreas degradadas polos incendios.



Recollida de lixo no monte.



Plantación de landras con fungos e bacterias para mellorar as condicións do solo.



**Cuarto día:** Visitamos o Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán, onde nos chamou a atención o seu xardín botánico, e sabedes que alí atopase a mesa onde se firmou o "Tratado de París", o cal poñía fin á guerra entre España e EEUU, polo dominio da illa de Cuba.


Despois de xantar, regresamos a Narón coa pena de deixar os amigos e amigas que fixemos nestes días.




# Un secuestro mal organizado...

DANIELA, ÉRIKA,  
FANI, ROSA e ALEX.

3º de ESO.






JOSÉ, NECESITO  
QUE VEÑAS...  
TEMOS UN  
PROBLEMA

UNS ALUMNOS  
SECUESTRARON  
A DOLORES



...UNS MINUTOS MÁIS  
TARDE CHEGA JOSÉ,  
PARA ABRIR A PORTA.




PARA QUE FARÍAN  
TODO ISTO?...  
E, DE QUEN  
SERÁ A CARTEIRA?



HAI QUE VER CON  
ESTES ALUMNOS, EH!


SI, SON CAPACES  
DE TODO



DE QUEN  
É A CARTEIRA?  
QUERO UNHA  
EXPLICACIÓN



TIVERON QUE CUMPRIR  
O CASTIGO E LIMPAR  
TODO O PATIO  
DO COLEXIO



A CARTEIRA É  
MIÑA... CAÉUSEME  
A MIN

COMO CASTIGO  
LIMPAREDES TODO  
O PATIO

... FIN!



## A mellor excursión



No mes de novembro os alumnos de 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> de primaria fomos de excursión á Casa das Peixes, que está na cidade da Coruña. Unha rapaza fínonos explicando todo o que había. O primeiro foron uns peixes que estaban nunhas pequenas acuarios. Despois vimos acuarios máis grandes de diferentes partes do mar. Por último, unhas pequenas fotos que estaban cogendo. Merendamos mirando ao mar. Logo regresamos ao colexio no autobús. Na casa contei a ben que pasara e meus pais resolvéronme a levar. Pásoa tan ben mirando os peixes que non me importaría ir todos os días.

María.3<sup>o</sup>



# Unha historia real e aterradora

*Esta é a historia que aconteceu no Feal no mes de marzo. Unha historia que ía para ser trágica e terrible, unha historia terrorífica e monstruosa, unha historia nunca antes acontecida, unha historia de medos e temores que tivo un final feliz grazas á valentía e ao esforzo dos alumnos e alumnas de Primaria do Centro.*

*Todo comezou nos últimos días de febreiro cando chegou ás aulas unha mensaxe de Verleo (a mascota da biblioteca de primaria) na que nos dicía que se pechaba un día a biblioteca para poder investigar xunto coa encargada da biblio unha serie de acontecementos estraños e misteriosos que se estaban a producir nos últimos días.*

*Non tardaría en acontecer algo trágico.....*



*Ao día seguinte do peche da biblioteca recibíuse nas aulas unha mensaxe de socorro desde a biblioteca e a ela acudiron tódolos nenos e nenas de primaria. O que alí encontraron era realmente aterrador. A biblioteca transformárase nun lugar certamente inquietante. O teito estaba completamente cuberto cunha tea de araña xigante que tamén cubría tódolos estantes dos libros e do seu centro penduraba unha enorme araña acompañada por dúcias de arañas máis pequenas. Enriba das estanterías se distribuía unha colección de bichos e seres espeluznantes saídos dos libros que alí se amosaban: ogros, vampiros, bruxas, momias, pantasmas, casas encantadas e monstros en xeral que converteran a nosa biblioteca na **biblioteca do terror**.*



Foi tal a importancia do suceso que apareceu a noticia no Diario de Ferrol e na Voz de Galicia.

Ao entrar nela, practicamente ás escuras, o alumnado atopábase cunha malvada vampiresa que se identificou como a Condessa Elenova que se apoderara da biblioteca, de Verleio, da encargada da biblio e ameazaba con facerse tamén cos nenos e nenas do Feal, a non ser que estes superaran un **Desafío** que ela impoñía.



Na seguinte semana os alumnos e alumnas do Feal, desde 1º ata 6º, esforzáronse xuntos e superaron todas as probas que había para eles, desde atopar perigosas arañas escondidas nos libros a buscar información por todo o colexio, resolvendo mensaxes encriptadas, adiviñas, etc...



O resultado foi que, despois dunha semana de loita entusiasta, tódolos monstros marcharon e a condessa tivo que deixar libres a biblioteca, a Elena e a Verleio e así recuperouse a normalidade no colexio non sen antes celebralo pero á maneira dos "invasores" cun **convite espectral** a base de bebidas estrañas e noxentas, tostas fantasmais, tortillas sanguinarias, mans recén cortadas, vermes, dedos, bocas, dentes e postres arácnidos.



ACABAN PRIMARIA NO 2007



REMATAN SECUNDARIA .....

40 A



40 B





..... NO 2007

40 C



40 D



## OS MÁIS "VETERANOS" DO CURSO 2007...



## ... XUNTA AOS MÁIS PEQUERRECHOS



*Pasa o tempo...*

*Os profes do Feal en 1972*

*35 anos despois...*



*Algúns profes  
vanse do Feal...*

*Quen son ?*



*Gloria Martín*



*M<sup>re</sup> Jesús Gómez*



*Leandro Freire*



*Charo García*



*Elena Urriaga*



*Emilio Vázquez*

# A cerámica de Buño chegou ao Feal

O día vinte e un de Maio, viñeron á nosa aula de Plástica Xulio e Pepe a ensinarnos como facer figuras de barro. Viñeron de Buño, Malpica de Bergantiños.

Ensináronnos os tipos de barro cos que traballan: barro escamento (de cor marrón) e barro gris. Trouxeron un torno onde podíamos poñer "o pelouro" (montón de barro que se bota no torno despois de amasalo), mollabamos as mans e moldeabamos o barro facendo obxectos. Xulio fixo: a cunca do caldo, un peto para gardar os cartos, un prato flaneiro, un floreiro de rizos, un cinzeiro e unha xerra.



Mentres uns estaban no torno con Xulio, outros con Pepe facían figuriñas de barro con moldes de bolboretas, soles, morcegos..., tamén facíamos figuras coas mans.

Para decorar ou cortar usabamos unha cana (de canaveira), unha pluma de galiña, unha tanza e coiro brandiño. A decoración dunha peza pode consistir en facer os riscos e os vivos coa cana. Os riscos son unhas liñas incisas con forma de ondas, arcs ou raias.

O modo tradicional de extracción do barro é manual e traballoso. Realizábase dende o comezo do verán ata finais de agosto. Cun legón cavábase un barreiro (pozo) ata encontrar a veta de arxila. Os pozos poden chegar a medir vinte metros de profundidade.

Moita xente cre que facer figuras de barro é de vellos, pero engánanse porque é un traballo moi curioso e moi bonito.

Lucía Veiga e Marta Fernández.  
1ªA de ESO




Animáte  
a  
probalo!

# Unha vangueira no Feal


Este ano en 3º de Primaria temos unha compañeira nova. Ela vén do Uruguai que é un país de América do Sur. Contámos que alí no mes de xullo, que é o seu inverno, é inverno e as festas de Nadal son no verán. É unha boa compañeira e estísta todos contentos de tela coñecido.

Alumnos de 3ºA.



# AS ABELLAS

No mes de febreiro, membros da Asociación Galega de Apicultura, viñeron ao colexio, a falarnos das abellas. A charla gustoume moito e aprendimos moitas cousas, como as que vos debusca a continuación.



Alba 3<sup>o</sup>

## A visita o acuario

Unha das cousas que máis me gustaron foron os tiburóns. Eles eran moito grandes e polo que se ve un sempre andaba polo medio das rochas e non se lle vía moi a miúdo, de feito a raparta que estaba alí traballando só o vía catro veces na súa vida. Nós tivemos a sorte de velo cando nos deixaron baixar á "Wave Nautilus".

Tamén me gustaron moito as medusas e os peixiños pequenos de cor plateada. As medusas tiñan uns grandes tentáculos transparentes, e os peixiños facíanme moita gracia velos por alí nadando. De feito custoume moito elixir porque en realidade me gustaron moito todos.

Marina L<sup>a</sup> 4º B



# A miña granxa

*Na miña casa teño unha granxa.*

*Hai cen galiñas, algunhas de Mos e varios galos.*

*Tamén teño vinteseis peixes de cores, un gato, dúas cadelas e varios parrulos.*

*Teño poliños e parruliños.*



*Meu pai atopou no río un parrulo e agora vive na nosa granxa.*

*Algúns dos poliños son franceses, de raza borboñesa; outros son holandeses e teñen un copete na cabeza.*

*Na incubadora caben 120 ovos.*

*Meu pai tamén ten niños para os paxaros nas árbores. A min gústanme moito os animais.*



*Nerea - 3ºA*



## Falando con



1. Cal é o seu labor dentro do Concello?

O meu cometido é levar a cabo todas as actividades culturais e formativas.

2. Cal das artes é a que máis representa ao Concello?

O que máis sona ten no Concello é a actividade teatral, aínda que polo que máis se coñece ao Concello exteriormente é polo folclore.

3. Que actividades formativas se desenvolven no auditorio?, a que idades vai dirixido? Danza, teatro, debuxo..., as idades van dende os 3 aos 18 anos, aínda que as actividades teatrais van dirixidas a todas as idades.

4. Participa vostede nalgunha actividade do Concello?

Empecei coa danza tradicional, pero logo tiven que deixalo porque non tiña tempo

5. Cando estará rematado o novo auditorio?

Xa está practicamente rematado, só falta a parte exterior e o equipamento. O maior problema é o financiamento, porque o custo total do auditorio é de 14 millóns de euros (6 da obra e 8 do equipamento que leva).

6. Que melloras vai ter respecto ao actual?

Pois melloras de todo tipo. Para que vos fagades unha idea, todo o auditorio vello cabería no escenario. Está preparado para facer calquera tipo de espectáculo, pódese ter ao mesmo tempo catro espectáculos e o equipamento técnico é mellor.

7. Que se pensa facer co antigo auditorio?

Esa decisión non me corresponde a min. A miña opinión é que este edificio se podería utilizar polas mañás para os anciáns e pola tarde para a mocidade.

8. Que grupos de danza está previsto que veñan este verán?

Están invitados grupos de Cuba, das Illas Azores, da India e estamos dubidando entre outro de Corea do Sur ou de Indonesia .

9. Saíndonos dos temas culturais, que opina sobre o río de Freixeiro?

O río de Freixeiro é unha vergoña polo mal coidado que está, lévase falando dunha depuradora dende hai moito tempo, pero aínda non está nin construída.

## A rede informática do Feal

A nosa rede informática non está mal, pero hai que comezar dicindo que nas aulas de Infantil de Freixeiro aínda non teñen conexión a Internet, a estas alturas do século XXI. A Dirección di que é por culpa da Consellería.

A conexión a Internet do Feal é de 4 Mbps (4 millóns de bits por segundo, ou sexa: 4 “megas”), pero poden estar por exemplo 40 ordenadores conectados á vez e hai que repartir a velocidade entre todos. Por iso, se algunha mala persoa se pon a baixar películas sen parar, a velocidade quedaría en nada. De momento, o centro non pode subir a velocidade a 8 megas porque estamos demasiado lonxe da central telefónica.



O aparato que conecta O Feal coa rede da Xunta e con Internet chámase enrutador (*router* en inglés) e está situado en Conserxería, onde está o noso querido Xosé.

Aínda que non houbera *router*, tódolos ordenadores do Feal estarían comunicados entre si a través duns aparatos chamados conmutadores (*switches*) ou outros máis baratos chamados concentradores (*hubs*).

Hai tres armarios con conmutadores: o principal en Conserxería (onde acaban morrendo todos os cables do centro), o máis antigo en Dirección e outro debaixo das escaleiras de Primaria. Este último queimouse durante o pasado verán como moitos outros aparatos, cando un obreiro provocou un curto-circuíto no exterior do edificio por accidente. O centro tivo que pagar os gastos, de momento.

No armario principal é máis difícil que pase isto, porque á parte dos automáticos de protección, tamén hai un aparato chamado S.A.I. que mantén estable a corrente.





Armario de Dirección




Armario de Primaria



En 2005 puxeron unha conexión en tódalas aulas e ademais Puntos de Acceso con antenas nos corredores para conectarse sen cables dende calquera recuncho do centro, incluíndo os pavillóns, aínda que o de Secundaria non quedou ben instalado.

De momento a rede sen fíos á penas se está utilizando, só se conecta algún ordenador portátil de vez en cando.



Da instalación vella (anterior a 2005) quedou algunha chapuza: por exemplo dende a Biblioteca de Primaria non sae ningún cable directo ao armario que ten ao lado, senón que sae un cable longuísimo que remata nunha toma da Biblioteca de Secundaria e dende alí sube outro cable ata o armario de Dirección.

Respecto á seguridade, a rede do centro está dividida en catro máis pequenas independentes, de forma que por exemplo un alumno dende a Aula de Informática non pode entrar nun ordenador de Dirección ou da Sala de Profesores.

A rede sen fíos non é de acceso libre, fai falla un contrasinal e varios datos máis para poder conectarte se traes o teu propio ordenador portátil da casa.

Manuel Alfonso Golpe Espada (*Manutte*)  
Diego Lago Aneiros  
4º ESO A – *Tecnoloxía*

# VOULEZ-VOUS CONNAÎTRE UN PEU MIEUX NOS VOISINS LES FRANÇAIS...?



·Os franceses consideran a cociña unha arte e as súas especialidades culinarias son coñecidas en todo o mundo. Hai varios tipos de cociña, que van dende comidas asequibles e abundantes a pratos sofisticados con ingredientes custosos e caras e complexas salsas. Algúns dos pratos máis destacados da cociña tradicional son: o “pot-au feu” vaca cocida con legumes, equivalente ao “cocido” español, a “boullabaisse”, (sopa de peixe), o “cassoulet” (cordeiro con feixóns) ou as célebres “fondues”, a base de queixo. A Nouvelle Cuisine que xurdiu na década de 1970, supuxo unha reacción contra a pesadez dese estilo de cociña. Aínda que segue a utilizar ingredientes caros, é moito máis lixeira, as porcións son máis pequenas e a presentación máis artística .

·Un costume francés curioso é o evitar comer entre comidas e beber aperitivos que estropeen o gusto polos alimentos. Se unha familia vos invita a comer, a puntualidade é básica e está ben visto felicitar ao anfitrión polo xantar, xa que a boa cociña é motivo de orgullo nos fogares franceses.



·En Francia, ao Nadal chámasele Noël e as celebracións chegan ao punto máximo na véspera de Nadal. A cea chámase réveillon e ten lugar a media noite. Os nenos poñen os seus zapatos fronte á cheminea para que o Père Noel os encha de agasallos, pero o día para intercambiar detalles é o Aninovo.



·Quizais a festa francesa máis colorida sexa o Día da Bastilla (La Fête Nationale), o 14 de xullo. A Bastilla, un cárcere parisino que chegou a ser o símbolo da monarquía, foi asaltada por cidadáns enfurecidos o 14 de xullo de 1789. Este suceso deu inicio á Revolución Francesa. Na actualidade, o 14 de xullo hai fogos de artificio día e noite, desfiles e bailes nas rúas.



·Se algún día visitas a catedral de Notre-Dame en París, verás que os demais turistas miran ao chan nun punto concreto da praza. ¿Qué miran?: pois simplemente a pequena placa octogonal que marca o quilómetro 0 de todas as estradas de Francia. É o punto dende o cal se miden todas as distancias en Francia .



Alumnos de 4º ESO

# COCINA RÁPIDA



## Pionono salgado

### Ingredientes:

1 paquete de pan de molde sen codia  
1 bote de maionesa  
1 leituga  
1 lata de atún  
1 lata de espárragos  
1 lata de mexillóns



Esténdense as rebandas de pan de molde sen codia sobre un plástico de cociña, superpoñéndoas unhas sobre outras que monten como un centímetro.

Como na foto: Esmáganse as zonas onde se superpoñen as rebandas cun rolo de amasar para que se unan ben.

Enrólase a masa con axuda do film e métese un pouco na neveira.

Cando xa tomou a forma, desenrólase, esténdese e cóbrese cunha capa de maionesa. Entón engádesse o recheo que se queira, neste caso será, leituga picada finiña, espárragos, atún, mexillóns e paños de mar.

Vólvese a enrolar no film e déixase na neveira. Antes de comer, cubrir con maionesa e adornar.



## Bombóns de xamón

### Ingredientes:

12 liscas de xamón serrano fino  
1 terrina de queixo crema  
(tipo Phipadelphia, mellor de finas herbas)  
4 dátiles.

Picar os dátiles pequeniños e engadir o queixo. Bater todo un pouco cun garfo. Nunha cubiteira de goma (cos buraquiños redondos) pincélanse os buracos con aceite. Póñense as liscas de xamón serrano nas cubiteiras apertando ben na base para que fiquen encaixadas. Cóbrese coa crema de queixo e dátiles, tápanse co sobrante de xamón ata formar unha boliña. Meter na neveira para que se endurezan e desmoldar.

Opcional: poñer queixo azul e noces




# Achégate



## á Cultura Clásica

### Encrucillado

I—	Calzado habitual dos romanos									
II—	Produto co que os clásicos facían a maquillaxe									
III—	Nome que se lle daba ós lugares de baño en Roma									
IV—	Templo grego no que as colunas son cariátides									
V—	Vestimenta típica dos romanos									
VI—	En latín, festa									
VII—	Lugar onde se interpretaban as mensaxes dos deuses									
VIII—	Cabeza de familia no mundo romano									
IX—	Festas celebradas en honor do deus Baco									
X—	Estranxeiros na Grecia antiga									
XI—	Atopa a palabra que significa igual en latín que en galego									



### Sopa de letras

I—	Letra grega									
II—	Provincia romana									
III—	Deus do viño									
IV—	Nome dado polos romanos á península ibérica									
V—	Heroe grego									
VI—	Autor do discóbolo									
VII—	Emperador romano asasinado									
VIII—	Regalo nupcial grego									
IX—	Comida moi estimada polos romanos									
X—	Na illa de Creta animal mitolóxico									



S	B	H	B	E	K	M	A	A	E	S
E	V	N	O	S	V	I	I	B	M	F
L	O	A	V	P	N	N	D	G	S	L
U	H	R	L	A	Y	O	Z	A	W	A
C	A	A	P	F	T	T	R	L	E	M
R	U	S	A	E	A	A	E	I	O	E
E	I	E	Y	P	X	U	B	A	M	N
H	O	C	A	B	Z	R	L	J	K	C
P	T	S	I	V	V	O	S	T	L	O

### Soluciones

X—	MINOTAURO
IX—	FLAMENCO
VIII—	DOTE
VII—	CESAP
VI—	MIPON
V—	HERCULES
IV—	HISPANIA
III—	BACO
II—	GALIA
I—	ALFA



XI—	CANI
X—	METECOS
IX—	BACANALES
VIII—	PATERFAMILIAS
VII—	OPACULO
VI—	FESTA
V—	TUNICA
IV—	EPECTEION
III—	TERMAS
II—	PLANTAS
I—	SANDALIA

4A- Verónica Pita  
Vanessa Salgado  
Isabel Grueiro  
Roberto Pérez  
Sandra Fernández

4C- Carlos Estevez  
Valeria Casas  
Diego Caneiro







GUSTARIE ESTA CADECA  
¿CANTO  
¿CUSTAR?

TRINTA  
E SE TE CON  
CINCUENTA

COMPRO!



CHAMAREITE  
RAÍÑA

GUAU, GUAU,  
GUAU



¿CÓLLELA, CÓLLELA!  
GUSTACHE; EH?



EHH, ¡VOLVE  
AGUÍ!

GUAU, GUAU  
GUAU!



SOCORRO  
¡AXÚDENME!



¡QUE BONITO! ¿COMO  
PODO SAÍR D'E AQUI?  
¿ONDE ESTA RAIÑA?



EH SEÑOR,  
SEÑOR



¿COMO PODO  
SAÍR?

A TOPANDO  
A TUA  
CADECA

E ¿ONDE ESTA?



AH, QUE



XA VOLVERN. ETI SE ES  
UN CAN, ¿COMO TE  
TRANS FOR MACHES  
NUN SE ÑORE?